

“PLAN DE ACOLLIDA”
CURSO 2021-2022”
CEIP EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ

VERSIÓN 1





ÍNDICE

1. Contextualización	2
2. Novas normas de organización e funcionamento	2
3. Accións de prevención, hixiene e protección	6
4. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado	8
5. Atención aos aspectos emocionais e sociais	9



1. CONTEXTUALIZACIÓN

Este plan ten por obxecto informar e acoller ao alumnado, ás familias e ao persoal integrante que iniciará o curso 2021-2022, facilitando a súa mellor adaptación ás circunstancias excepcionais ocasionadas pola COVID-19, segundo as instrucións facilitadas pola Consellería en función das directrices sanitarias.

Este documento complementa ao "Plan de Adaptación á situación COVID-19", no que se detallan todos os aspectos relacionados co cambio de organización e comportamento social relacionados coa situación e ao "Plan de Continxencia", no que se establecen as medidas a tomar no caso de cese de ensino presencial por a aparición dun abrocho.

2. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

O Plan de adaptación á situación COVID-19 implicou e implica cambios importantes na organización e funcionamento do centro educativo que resumimos nos seguintes apartados:

3.1. Entradas, saídas.

O obxectivo fundamental será evitar aglomeracións tanto dentro como fóra do centro.

Para evitar un número innecesario de persoas no recinto escolar cada alumno/a só debe vir acompañado por un adulto e si é posible un adulto podería acompañar a varios alumnos/as.

Nin as familias nin o profesorado poderá entreterse nas entradas ou saídas dando avisos, recados...

ENTRADAS

O acceso ao recinto escolar farase a través dos dous portalóns, optando polo que estea máis cerca do lugar de procedencia. O profesorado encargarse de abrilos ás 9:20 h e de controlar o fluxo de persoas.

Só poden acceder os acompañantes do alumnado de E. Infantil e 1º de primaria o tempo imprescindible para deixar o neno/a. O restante alumnado entrará só (agás no 1º día en que poderá pasar un acompañante do alumnado novo no centro).

- O alumnado de 3 e 4 anos accederán directamente ás súas aulas pola zona das mariolas.
- Alumnado de 1º, 2º, e 4º, pola entrada B.



- Alumnado de 5 anos, 3º, 5º e 6º, pola entrada A.

Unha vez que entre o alumnado, as familias acompañantes sairán en orde e gardando a distancia de seguridade, preferentemente polo portalón grande.

O alumnado transportado será recollido polo profesorado de garda e acompañado ata o centro.

SAÍDAS

Cada grupo sairá pola mesma porta que empregou para entrar.

Infantil:

O alumnado de EI que marcha coa súa familia sairá ás 14.20 h. Estas familias poderán acceder ao recinto escolar, esperando nas zonas establecidas no patio. No caso de que este alumnado teña irmáns de primaria, as familias poderán permanecer na zona de espera ata recollelos.

Primaria:

As 14:25 h sairá o alumnado de casa de primaria por curso. As familias de 1º esperaran no seu espazo habilitado e as familias dos cursos de 2º a 6º esperaran fóra da porta principal a que un mestre/a lle faga entrega dos seus fillos/as. Nese mesmo intre terán que marchar e deixar espazo para outras familias.

As 14:30 h o alumnado dos diferentes cursos irán saído por orde segundo a liña de transporte. (*Planos de entradas e saídas nos anexos do plan de adaptación*).

3.2. Recreos

No recreo (de 12.10 a 12.40 h) establecéronse espazos diferenciados para os distintos grupos de convivencia estable que se rotarán semanalmente:

Sairán ao patio en ringleira co profesorado que estea impartindo clase antes do recreo ata a súa respectiva zona.

Zonas para a etapa de infantil e 1º de primaria : zona Mariolas, media pista verde, outra media pista verde e porche.

Zonas para o restante alumnado de primaria: sinalizadas no patio traseiro.

O profesorado controlará os distintos espazos (*ver anexos no plan de adaptación*) mantendo a proporción de 1 por cada 25 alumnos/as en EI , e de 1 por cada 50, na etapa de primaria.



En principio as merendas terán lugar na aula, coa vixilancia do profesorado e mantendo as medidas de limpeza individual. Haberá, como ven sendo habitual, unha recomendación de alimentos saudables para cada día na etapa de infantil, colaborando coas familias na creación de hábitos de alimentación saudables.

3.3. Alumnado transportado

Está permitido o uso da totalidade das prazas coa obriga do emprego de máscara nos casos xa indicados. As persoas responsables da vixilancia velarán para que se cumpran, ademais das normas habituais, as de protección establecidas para a situación de pandemia

3.4. Circulación no centro.

Os espazos no interior do edificio están delimitados por camiños de dobre sentido para evitar aglomeracións e confrontación. En xeral, circúlase pola dereita seguindo as frechas pegadas no chan.

3.5. Uso dos aseos.

O uso dos aseos estará limitado a unha simultaneidade non superior ao 50% por cento seu aforo. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.

Serán aseos unisex asignados en función da proximidade ao mesmo de cada aula. No exterior colocarase un sistema de semáforos que informan de se os servizos están libres ou ocupados.

3.6. Servizo de Mañanceiro e comedor escolar.

O servizo de Mañanceiro continuará funcionando pero co protocolo adaptado similar ao do pasado curso. Desenvolverase na aula de Música/ informática ou no pavillón polideportivo, en función do número de usuarios. Poderá sentar xunto o alumnado dos grupos de convivencia estable.

Comedor:

Para garantir a seguridade e cumprir o protocolo específica de comedores escolares, redistribúense o espazo permitindo que o alumnado usuario xanten separados por grupos estables de convivencia coa distancia suficiente entre os grupos. O alumnado de infantil entrará nunha primeira quenda ás 14 h, acompañados por algún grupo de primaria ás 14.20. Ao remate do xantar e previa desinfección e ventilación pertinentes, entrará o restante alumnado, que esperará na aula de informática nos correspondentes grupos de convivencia estable.



3.7. Acceso das familias ao centro, reunións e titorías:

As reunións grupais e as titorías realizaranse preferentemente de maneira telemática e telefónica. No caso de que sexa necesario facelas presenciais cumprírase coas medidas de seguridade e hixiene recollidas no protocolo.

As reunións de principio de curso planificáronse ~~no patio ou espazos amplos~~, coa asistencia de só unha persoa por familia, e establecendo dúas quendas nas titorías mais numerosas.

3.8. Celebración de eventos e actividades complementarias.

Os agrupamentos quedan restrinxidos aos grupos aula, agrupamentos estables de convivencia.

Continúan suspendidos neste curso ata novo aviso todas as celebracións e eventos que tradicional ou previsiblemente supoñían unha asistencia masiva de persoas, aglomeracións, etc. Esta decisión estará suxeita a revisión no caso de a situación epidémica mellore e se diten novas instrucións ou protocolos que o permitan.

Actividades complementarias no centro (talleres, contacontos, encontros con escritores, actuacións...). Poderían levarse a cabo sempre que se respecte o aforo e as normas de hixiene e ventilación entre os actos.

3. ACCIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN

Prevención.

As medidas preventivas que se toman no centro pretenden lograr os seguintes obxectivos:

- Evitar aglomeracións: habilitando diferentes entradas e saídas para o alumnado, dispersando as rutas de acceso ás aulas, establecer quendas nos recreos con zonas diferenciadas para cada grupo, regular o acceso aos recreos.
- Distancia social: nas aulas modificouse a distribución dos pupitres.
- Responsabilidade individual: por parte do profesorado comprometéndose a facer un autotest para evitar acudir ao centro con sintomatoloxía compatible coa Covid e por parte das familias, que deben comprometerse a non enviar aos seus fillos/as se presentan algún síntoma compatible coa COVID: temperatura elevada, tos seca, dificultade respiratoria, perda do olfacto ou do gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.



Hixiene

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- *Hixiene xeral do centro:*

- Reforzar o servizo de limpeza.
- Realizar desinfeccións dos aseos pola mañá.
- Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
- Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.

- *Hixiene persoal:*

- Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.
- Adquirir hábitos como tusir ou esbirrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras.

- Rutinas de responsabilidade individual:

- Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel. Exemplo: antes de usar un ordenador, debo, como usuario, coller un pano con xel e desinfectar o teclado e rato, acción que debo repetir cando finalice o seu uso.
- Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre/a ou cada alumno/a ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exime da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.
- Facilitar o labor do persoal de limpeza: tendo as mesas ordenadas, non deixar cousas polo chan...

- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente: Xel, panos desbotables, pulverizador desinfectante; xabón de mans nos baños.



Protección

- Uso obrigatorio da máscara para todo o profesorado e o alumnado de primaria dentro das aulas. É obrigatorio para todos en zonas comúns e recreos.
- Pantallas e mamparas para aquelas actividades que as precisen.

4. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO

A competencia dixital, fundamental para o desenvolvemento do ensino non presencial e necesaria para o presencial, será unha das accións prioritarias os primeiros días. As programacións didácticas recollerán aquelas medidas que deban tomarse e deseñarán metodoloxías e criterios de avaliación acordes con ambos escenarios.

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo, que estarán configuradas nos primeiros días de setembro. Unha vez matriculado o alumnado, cada nivel en funcións das súas programacións dotará de contidos e recursos cada un dos cursos. Como centro procuraremos que todos os niveis contén con información das tarefas e clases nas aulas virtuais correspondentes, compatibilizándoas coa utilización doutras plataformas que resultaron eficaces os pasados cursos e coas cales as familias xa están familiarizadas: Snappets, blogs, remid, canais...

No suposto de ensino non presencial, o centro garantirá unha axeitada atención a todo o alumnado. Coidarase o acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera das súas formas e, en colaboración co Departamento de Orientación e do equipo docente, proporcionarase a información e o adecuado asesoramento ás familias.

Utilizarase como sistema de comunicación no ensino non presencial as videoconferencia Webex.



5. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS

A situación sobrevivida por mor da COVID-19, está a ter e terá un impacto aínda difícil de valorar, tanto na infancia coma na comunidade educativa. O coidado da saúde tan imperativo nesta época non pode excluír a saúde mental, afectada polo confinamento do pasado ano e a volta ás aulas nunhas condicións moi diferentes ás habituais.

Cómpre continuar atendendo aos aspectos emocionais do alumnado, especialmente neste contexto de alerta e temor pola situación de pandemia, para favorecer a aprendizaxe. O alumnado atoparase de novo con medidas especiais no centro educativo (recreos sen interacción con outros grupos, ausencia ou redución de contacto físico, distancia entre compañeiros/as, pautas de xogo modificadas, hixiene constante de mans e mobiliario, suspensión das celebracións conxuntas ...)

Entre as medidas que se levarán a cabo desde o noso centro para minimizar o impacto emocional desta volta ás aulas destacamos:

- Comunicación detallada ao alumnado e ás súas familias das pautas organizativas (entradas, saídas, aulas, rutinas...) previamente ao inicio das clases, para minimizar a incerteza e dar seguridade ante a volta ás aulas.
- Comunicación fluída coas familias para coñecer e detectar calquera situación susceptible de supoñer unha dificultade emocional para o neno ou nena (familiares enfermos, perdas, medos, etc...).
- Período de adaptación para o alumnado de 4º de infantil tal e como se recolle na ORDE do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Flexibilidade tamén para o alumnado de 5º de infantil que non se escolarizou o pasado curso pola situación excepcional.
- Establecemento dun clima de comunicación e confianza que permita a expresión emocional do alumnado nun entorno seguro, que acompañe e non minimize nin xulgue, senón que teña en consideración e valide os sentires do alumnado.
- Atención aos aspectos emocionais e sociais na vida da aula, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión nas distintas materias. Cóntase cun banco de recursos accesible ao profesorado do centro que irá sendo nutrido durante o curso. Preténdese con elas favorecer a expresión emocional, Axudar a regular as emocións presentes na nova "normalidade" escolar, favorecer o carácter resiliente, desenvolvendo o pensamento positivo e a busca de solucións conxunta para minorar as incomodidades e preocupacións derivadas da



nova situación. Promover un bo coñecemento da enfermidade ola, fortalecer a unión de grupo, evitando converter a distancia física en distancia social,

- Observación do estado emocional do alumnado para responder aos primeiros signos de alerta coa axuda do departamento de orientación e das familias. Seguimento e derivación se fora necesario.

- Promoción da participación do alumnado nas decisións da vida do centro e atención ás súas iniciativas: que cousas funcionaron durante o confinamento, que botaron en falta, como mellorar a vida na aula nas condicións actuais, pautas ater en conta para coidarnos todos...

- Fortalecer os vínculos familia escola promovendo a participación das familias nas aulas e no centro aínda que sexa de forma virtual: enquisas, convites a expertos, proporcionarlles información actualizada e próxima, caixa de correos de suxestión...

- Acollida emocional e sensibilización do claustro de profesores e outros persoal docente sobre a necesidade de atención á saúde emocional.